

ANEXO III

2020/CP/006

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

AXUDA

AXUDA: ED431G 2019/01 - CITIC - Contrato financiado con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), nunha porcentaxe do 80%, e pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, nun 20% (Orde do 19 de setembro de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e F.P.)

CENTRO: CITIC – Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions.
Vicerreitoría de Investigación. UDC.

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas da axuda de investigación que se indica.
Contratación dun/ha **Técnico de apoio á investigación para proxectos europeos** do CITIC.

LUGAR E HORARIO: Edificio CITIC. De luns a venres, de 9:00h a 14:00h e de 16:00h. a 18:30 (37,5 h)

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado * Investigador en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG

Técnico de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación

Técnico administrativo Axudante administrativo

XORNADA Tempo Completo: Tempo Parcial:

DURACIÓN 2 anos e 7'5 meses (ata outubro 2022, incluído) DATA APROX. DE INICIO 16/03/2020

RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2.460,50 €/mes incluídas pagas extra. COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, EIXE 1 PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.3

PARTIDA ORZAMENTARIA: **61.40.24.20.01.541A.649.02.00**

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, Enxeñaría, Grao ou titulación similar recoñecida en España.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo		Asinado	13/01/2020 15:58:04
Observacións			Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==			



LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Enviar documentación (copia DNI, copia titulación académica, CV e documentación xustificativa dos méritos) por correo electrónico a rrhh@citic-research.org, indicando no asunto **a referencia do contrato (2020/CP/...)** e o nome do/a candidato/a

PRAZO: 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Manuel F. González Penedo (Director do CITIC) e Javier Pereira Loureiro (Subdirector do CITIC).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Na web do CITIC en:

<https://www.citic-research.org/trabajo/listar.htm>

A Coruña, 10 de xaneiro de 2020

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==	Asinado	13/01/2020 15:58:04
Asinado Por		
Manuel Francisco González Penedo	Páxina	2/4
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==	



MEMORIA

TAREFAS A REALIZAR

O Centro Singular de Investigación CITIC está formado por máis de 150 investigadores. No marco das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG, contéplase a realización de varios proxectos e a captación de persoal cualificado para levar a cabo as tarefas derivadas dos devanditos proxectos.

As tarefas a realizar dentro do proxecto de investigación relacionado con este contrato son:

- Promoción da participación do Centro de Investigación CITIC en iniciativas europeas e internacionais en áreas TIC (especialmente convocatorias do Programa Horizon 2020, e o futuro Horizon Europe), concretamente en Intelixencia Artificial, Ciencia de Datos, HPC e Ciberseguridade.
- Identificar e analizar oportunidades de financiación para a investigación do Centro a nivel europeo, propoñendo novas liñas e instrumentos.
- Difundir as convocatorias máis adecuadas e promover a participación dos investigadores do Centro en propostas competitivas.
- Asesorar e apoiar aos investigadores na preparación de proxectos internacionais, incluíndo tanto constitución e/ou participación en consorcios como elaboración da documentación necesaria para a proposta (memorias técnicas, orzamentos, etc.)
- Colaboración coa área de Comunicación do CITIC na difusión dos proxectos.
- Participación na organización de xornadas formativas de proxectos europeos.
- Asistencia a eventos internacionais.
- Outras tarefas necesarias para a implementación do proxecto de investigación.

XUSTIFICACIÓN DURACIÓN DO CONTRATO

A duración para estas tarefas estímase en 2 anos e 7'5 meses, cunha adicación a tempo completo.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Requisitos

- Licenciatura, Enxeñaría, Grao ou titulación similar recoñecida en España.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	13/01/2020 15:58:04
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==		



Criterios de selección

- Valorarase titulación universitaria do ámbito da Enxeñaría Informática, de Telecomunicacións, Industrial ou similar (5 puntos).
- Experiencia en preparación de propostas en convocatorias competitivas a nivel internacional, especialmente Programa H2020, Programa Life, Interreg Europe e outros programas europeos (7 puntos por ano, máximo 35 puntos).
- Formación acreditada en materia de proxectos internacionais, especialmente Programa H2020, Horizon Europe e outros programas europeos (1 punto/10 horas, até un máximo de 20 puntos).
- Coñecemento de Office nivel avanzado (máximo 5 puntos).
- Coñecemento de inglés falado e escrito. Valorarase en función do nivel acreditado: nivel B2 (4 puntos), C1 (7 puntos), C2 (10 puntos).
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario (máximo 25 puntos).

O posto poderá quedar deserto no caso de non existir ningunha persoa candidata con puntuación superior a 55 puntos.

NORMAS DE PUBLICIDADE

O contrato adecuarase ás instrucións de publicidade da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional – Xunta de Galicia, establecidas para as axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do S.U.G. (convocatoria 2019).

Debe levar no anverso un selo no que se indiquen as seguintes circunstancias:

- Logo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Logo da Unión Europea

Debe levar as frases **Subvencionado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e Cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do eixe 1 do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3).**

Farase mención expresa a:

- Nome da unidade de investigación: **Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC).**
- Convocatoria: **Orde de 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia (DOG 25/09/2019).**

En cumprimento das instrucións de Publicidade da Xunta de Galicia V.6 de 2017, os beneficiarios obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, charlas, comunicacións, etc. que o candidato produza durante o período de contratación.

A Coruña, 10 de xaneiro de 2020

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	13/01/2020 15:58:04
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KPho83IpzSJ0dfN1QxeqhQ==		

